



BOLETÍN

ANO I NÚMERO 3

Xuño do 2.008
Páxina 1

AGAEDES

Asociación Galega de Ensinantes de Economía en Secundaria



ÍNDICE

MÁIS APOIOS PARA A OPTATIVA DE BACHARELATO.....	2
III DÍA DO EMPRENDEDOR GALEGO 2008.....	3
CURSO DE DIDÁCTICA DA ECONOMÍA PARA O PROFESORADO DE ECONOMÍA GALEGO.....	3
CONCURSO DE TRASLADOS / NOVAS DA ASOCIACIÓN.....	4
RESULTADO DA REUNIÓN COA CONFEDE EN TENERIFE.....	4
CONTACTOS INSTITUCIONAIS.....	5
OLIMPIADAS DE ECONOMÍA EN GALIZA.....	6
RECURSOS EDUCATIVOS.....	6
O BANCO DE ESPAÑA PRESENTA O SEU PLAN DE EDUCACIÓN FINANCEIRA PARA OS COLEXIOS.....	7
BORRADOR DAS PPAU.....	7
NOVOS PCPI / HORARIOS CURSO QUE VEN.....	8

MÁIS APOIOS PARA A NOSA PROPOSTA DE OPTATIVA DE BACHARELATO



En xeral en España, as cousas seguen moi mal para a especialidade de economía, a excepción Cataluña que contará con 4 materias de modalidade de economía. Cos datos actuais, só Castela León e Aragón continuarán coa optativa de “fundamentos de administración e xestión”, desaparecendo en moitas outras Comunidades nas que levaba moitos anos impartíndose.

Nós continuamos nos últimos meses loitando e buscando apoios, para a nosa optativa de bacharelato. Sobre todo despois de observar como no primeiro borrador, a optativa escollida na nosa Comunidade era “Música”.

Como recordaredes, na Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa practicamente descartaron a nosa proposta no momento de recibila, así que nos diriximos directa-

mente á Conselleira de Educación, e ao propio Presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, enviándolles o noso informe completo, coas propostas ao borrador do decreto de bacharelato.

Para a nosa sorpresa, o 7 de abril contestounos o propio Presidente da Xunta, nunha carta persoal, que aquí reproducimos. Nela cóntanos que lle parecen interesantes as nosas propostas, e que llas transmite á Conselleira de Educación para a súa valoración e estudo. O pasado 6 de xuño volvemos a enviarlles outro escrito, para recordarlles a nosa proposta.

Recibimos tamén o apoio formal da Confederación de Empresarios de Ferrol, e da CONFEDE (Conferencia Española de decanos de Economía e Empresa), a través da Decana de Económicas da Facultade de Santiago, quen ademais lle remitiu o manifesto desta institución á propia Conselleira directamente.

Tamén buscamos entre as diferentes forzas políticas a persoas importantes que foran profesores de economía. Contactamos con algúns deles, para que a nosa mensaxe chegara ás súas organizacións. Cónstanos que así o fixeron.

Por outra banda, en tódolos borradores que coñecemos deixase aberta a posibilidade a unha orde posterior que regule a optatividade: en Murcia, Castela León, Ceuta e Melilla (MEC), e Valencia. E no noso borrador, entendemos que tamén. Persoas doutras asociacións (despois de ler o apartado relativo ás optativas, do noso decreto), entenderon que si. Polo que no peor dos casos, seguirémolo intentándoo no futuro.

Outra organización que nos está a apoiar ante o MEC, e ante a nosa Consellería, é a OEE (a Organización de Economistas para a Educación), organismo dependente dos Colexios de Economistas. Tivemos unha reunión co seu Presidente, Luís Caramés, e atopamos unha gran receptividade pola súa parte



III DÍA DO EMPREENDEDOR GALEGO 2008

O pasado 15 de maio, celebrouse en Santiago de Compostela o III Día do Emprendedor. Iniciativa promovida dende o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para a realización destas xornadas sobre emprendemento en tódalas Comunidades Autónomas.

Trátase dun evento dirixido principalmente a emprendedores, e profesionais, a través dun ambiente lúdico. Había unha gran cantidade de estands dirixidos a ofrecer información variada ao público. No transcurso da xornada celebráronse diferentes talleres e actividades.

Bic Galicia contou cun espazo propio, onde presentou por primeira vez ao público, o material do Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras (as carpetas do profesorado, e diverso material de apoio). Estiveron toda a mañá informando aos asistentes.



Ao seu carón estaba tamén o stand da Dirección Xeral de FP presentando a súa interesante iniciativa FP Plus, un proxecto que busca promover iniciativas emprendedoras dentro da Formación Profesional así como reforzar o espírito emprendedor do alumnado de FP. Unha vez máis os de FP tómannos a dianteira no tema do emprendemento.

Máis información en:

<http://www.edu.xunta.es/fp/fplus.htm>




CURSO DE DIDÁCTICA DA ECONOMÍA PARA O PROFESORADO DE SECUNDARIA GALEGO

Sabemos polas demais Asociacións que xa se celebraron cursos de Didáctica da Economía para profesorado de secundaria, en cidades como Cáceres, Gran Canaria, Murcia, Sevilla Huelva, etc. En Galiza somos a única especialidade para a que nunca se ofertaron cursos específicos desde a Consellería.

Así llo fixemos saber mediante escrito, tanto á Directora Xeral, como ao Xefe do Servizo de Formación do Profesorado, no mes de maio pasado.

Asemade enviámoslle toda a documentación que conseguimos relativa aos cursos celebrados.

Temos que dicir que a resposta foi moi rápida. Deseguida comunicou con nós o asesor da Consellería para informarnos que o curso que ven (con probabilidade a comezos), **teremos o noso curso**. Soubemos tamén por outras fontes, que xa se puxeron a traballar no tema. Así que temos que felicitar ao Servizo de Formación do Profesorado.



CONCURSO DE TRASLADOS

Sabedes que ás veces nas propostas de vacantes que se fan desde as direccións de moitos centros, e desde algunhas inspeccións educativas, tentan prexudicar á nosa especialidade, pretendendo crear prazas doutras materias en prexuízo da economía, coa falsa escusa de que só temos 8 horas de docencia.

Nós sempre reclamamos un profesor/a de economía alí onde haxa un bacharelato de humanidades. Ningunha administración educativa se plantexou nunca que nun IES con esta oferta educativa carecese de profesor/a de filosofía, ou de latín, ¿porqué de economía si?.

Afortunadamente a Consellería séguese tamén esta liña. Este curso reclamamos á inspección, e á Administración unha praza de Economía no CPI de Mosteirón (futuro IES), que finalmente se conseguiu. E aínda que neste terreo, temos que reconecer que a verdadeira forza, a teñen os sindicatos; a nosa Asociación tamén pode apoiar en temas coma este. Se no futuro tedes problemas con algunha praza no concurso, e queredes que AGAEDES colabore para axudarvos, facédenlo saber, enviándonos tódolos datos.



NOVAS DA ASOCIACIÓN

Damos por rematado un dos principais obxectivos que nos propuxemos hai un ano: rematar o proceso de constitución da asociación e poñela en marcha.

Levamos adiante tódolos trámites necesarios para dar de alta oficialmente a asociación. Estamos rexistrados oficialmente desde o 8 de xaneiro. Temos xa NIF, e concedida a exención do IVE.

Xa sabedes que abrimos unha conta en Caixagalicia, e a data de hoxe están cobradas aproximadamente un 50% das cotas anuais.

Está adquirido o dominio para comezar a construír a nosa páxina web, que definitivamente vai ser:

www.agaedes.org



RESULTADO DA REUNIÓN COA CONFEDERACIÓN EN TENERIFE

A nosa representane Silvia Martínez, da Asociación andaluza, acudiu en representación de todos/as nós á reunión da CONFEDERACIÓN (Conferencia Española de decanos de Economía e Empresa), en Tenerife, para facer unha presentación da nosa situación e problemas, e tivemos boa impresión. Os asistentes (uns 56 Decanos/as e Vicedecanos/as de toda España) prestaron moita atención á exposición de Silvia.

A maioría como xa supoñíamos descoñecían a estrutura tanto da ESO como do bacharelato, e non digamos de toda a nosa situación. En canto ao do borrador do Real Decreto de especialidades todos/as afirmaron que era unha barbaridade que se atribuíse aos compañeiros/as de FP as nosas materias sen ser moitos deles especialistas, e sobre todo ao non existir reciprocidade. O das PPAU tamén lles pareceu unha situación inxusta.

Despois da exposición fixeron cerca de 10 preguntas e varios comentarios. Ademais votouse se apoiaban ou non o manifesto de adhesión que lles enviamos. Ninguén votou en contra.

Ao final varias persoas se achegaron a Silvia: A decana da UNED Amelia Pérez Zabaleta que pertence ao Consello Xeral da OEE (Organización de Economistas da Educación), quen por mandato do novo Presidente Luis Caramés (que asistira como poñente o día anterior), comunicoulle que estaban moi interesados en recibir os documentos porque querían darlle un novo enfoque á OEE e apoiarnos.

O decano da Universidade da Laguna pediunos que por favor contactásemos cos compañeiros/as canarios de secundaria debido a que el ía apoiarnos firmemente. M^a Luz Marcos, responsable das Olimpíadas, pediunos que lle mandásemos os documentos para que os Decanos de Valencia intentaran darlle difusión ao tema en prensa.

M^a Jesús Mure presidenta da CONFEDERACIÓN díxonos que intentará conseguirmos unha cita con Javier Vidal, que é o Director Xeral de Ordenación Educativa no Ministerio de Educación. Isto último é o máis interesante. Acudiremos en canto nola concedan.



CONTACTOS INSTITUCIONAIS

Outro dos obxectivos importante das asociacións é darnos a coñecer e a valer, ante as diferentes institucións. Así, despois da Reunión de Tenerife, estreitamos a relación cos Decanos das Facultades de económicas a través da CONFEDE (Conferencia Española de decanos de Economía e Empresa). A relación anterior era moi escasa e puntual, agora estamos en contacto permanente con eles, que por fin se decidiron a apoiarnos nas nosas reivindicacións dunha maneira clara e decidida. Informarvos que acaban de asinar o MANIFESTO EN DEFENSA DA FORMACIÓN ECONÓMICA E EMPRESARIAL EN BACHARELATO (do que se vos envía copia), que foi remitido por eles ao Ministro de Educación e tamén á nosa Conselleira.

Pola nosa parte, este ano démonos a coñecer, e nalgúns casos mantivemos unha moi boa relación con institucións galegas, como o Consello Superior de Cámaras, os nosos Decanos, o IGAPE, e algunha entidade financeira das que colaboran en secundaria, como Caixanova e a súa Escola de Negocios.

Sen embargo quedaba un organismo moi importante a nivel estatal, co que hasta hoxe as relacións non foron moi fluídas. Trátase dos Colexios de Economistas.

Dentro da estrutura dos Colexios atópase a OEE (a Organización de Economistas para a Educación), que ten por obxectivo:

Fomentar a calidade do ensino da economía en todos os seus niveis mediante: a formación permanente dos seus membros, a produción de materiais didácticos, a organización de encontros, seminarios e xornadas; favorecer a actividade educativa, investigadora e científica no ámbito económico español, mediante: o fomento da colaboración entre os propios profesionais, o intercambio de información, a creación de servizos documentais e informáticos, a comunicación de experiencias e resultados de traballos, a discusión de procedementos e metodoloxías, a creación de fondos documentais.

Por raro que pareza, e despois de moito esforzo por parte das asociacións, para crear unha vía de diálogo, colaboración e comunicación permanente, hai que dicir que hasta a data tivemos avanzado moi pouco neste terreo, en parte debido ao pouco interese amosado no tema polo seu anterior Presidente.

O día 12 de xuño tivemos unha entrevista en Santiago co recén nomeado Presidente desa institución, Luís Caramés, profesor da facultade de Económicas de Santiago. Fomos en representación de tódalas Asociacións, por ver de mellorar a relación existente. A acollida foi moi boa. Teñen unha decidida intención de apoiarnos tanto a nivel nacional como na nosa Consellería.

Por outra banda tentamos contactar coas demais Asociacións. Enviámoslles cartas ás Asociacións de profesores/as de Tecnoloxía, Ciencias, Grego, Música, Matemáticas, Inglés e Orientadores; porque temos temas de interese común: estrutura do novo bacharelato, cursos de formación, etc. Non obtivemos resposta en ningún caso. Seguirémolo intentando no futuro

economistas OEE

viernes, 23 de mayo de 2008

CONSEJO GRAL. ORGANOS COLEGIOS

INICIO INFO. INSTITUCIONAL LEGISLACION FORMACIÓN PUBLICACIONES SERVICIOS NOTICIAS INTERNACIONAL UTILIDADES

Presentación ▶ Organos ▶ Colegios ▶ Economista ▶ Relaciones Institucionales ▶

Unos Profesionales al servicio de la sociedad

Objetivos

- Ofrecer un cauce para la organización de los economistas que trabajan en los campos de la educación, la investigación y la producción científica, tanto en el sector público o privado como de forma independiente.
- Defender los intereses profesionales de este colectivo.
- Fomentar la calidad de la enseñanza de la economía en todos sus niveles y contenidos mediante:
 - La formación permanente de sus miembros
 - La producción de materiales didácticos
 - La organización de encuentros, seminarios y jornadas

Y, dentro del marco de la Unión Europea, velar por el correcto tratamiento de las titulaciones en los procesos de convalidación de los contenidos en las materias económicas y empresariales y en el reconocimiento de las titulaciones para el ejercicio como economistas.

ZONA PRIVADA

Tipo de usuario: Seleccione tipo...
Colegio: Seleccione colegio...
Contraseña:

DESTACADOS

CONVOCATORIAS PUBLICAS

Convocatorias públicas de empleo para economistas publicadas en el BOE.

VACANTES INTERNACIONALES

Vacantes de empleo en organismos internacionales del sector.

IMOS TER OLIMPIADAS DE ECONOMÍA EN GALIZA

!!!O CURSO QUE VEN!!!

Na reunión da CONFED (Conferencia Española de decanos de Economía e Empresa) en Tenerife, avanzouse tamén neste tema, a nosa representante Silvia Martínez da Asociación Andaluza, viaxou acompañada M. Luz Marco profesora da Universidade de Valencia, que é a persoa que está coordinando e impulsando este tema a nivel estatal.

M. Luz xa mantivera contactos coa Universidade de Vigo hai algún tempo, pero despois da citada reunión, a Universidade que se dirixiu a nós interesada en poñer en marcha esta iniciativa en Galiza, foi a Universidade de Santiago, a través da súa Decana Maite Cancelo.

Tivemos unha reunión con ela o xoves 12 de xuño, e concretamos xa este tema. O curso que ven teremos as **PRIMEIRAS OLIMPIADAS GALEGAS DE ECONOMÍA**.



**OLIMPIADAS DE ECONOMÍA
GALIZA**

Xa sabedes que hai algunhas comunidades nas que xa están en marcha desde hai algún tempo: Valencia, Baleares, Asturias, País Vasco, Canarias e Andalucía. O curso que ven vanse celebrar as Primeiras Olimpíadas a nivel estatal, e participarán tamén os nosos alumnos/as.

Como xa vos indicamos nunha comunicación anterior, as olimpíadas constitúen unha magnífica oportunidade para prestixiar a nosa materia, sobre todo pola transcendencia mediática que estas teñen. Tamén é moi interesante para o alumnado, significa un estímulo de estudo para eles, ademais do económico.

Nalgunha Comunidade coma andaluza funcionan por distritos, cada Universidade organiza as súas, pero no caso galego, o máis lóxico é que teñamos unha para toda Galiza. Os exames están baseados nos temarios das probas das PPAU, e hai premios para os alumnos/as e para o profesor/a. Participarán tódalas Universidades galegas.

RECURSOS EDUCATIVOS: **EL CONCURSANTE**

Película de Rodrigo Cortés; con Leonardo Sbaraglia, Chete Lera, Myriam Gallego y Luis Zahera

Martín Circo Martín (Leonardo Sbaraglia), profesor asociado de Historia da Economía, acaba de converterse no gañador do maior premio concedido na historia da televisión: máis de 3 millóns de euros en premios de todo tipo. Sen embargo, pronto descubre que ser millonario é caro, e non ten o diñeiro para permitirse os premios. Facenda, pola súa parte, reclama a metade das ganancias. Case sen decatarse, Martín vese nunha trampa sen saída, tentando vender tódolos premios que gañou. Edmundo Figueroa (Chete Lera), un vello extravagante e disidente, pode ser a súa última oportunidade de escapar. O concurso acaba de comezar...



Pega esta dirección no teu navegador web para ver uns minutos da película:

<http://www.youtube.com/v/ezcWNPu1HGA&hl=es>

Interesante para xerar debate na aula



O BANCO DE ESPAÑA PRESENTA O SEU PLAN DE EDUCACIÓN FINANCEIRA PARA OS COLEXIOS

O Banco de España e a CNMV veñen de subscribir un acordo para poñer en marcha un plan de educación financeira que durará catro anos. O obxectivo é elevar a cultura financeira da poboación. Pero Aínda non se definiu co Ministerio de Educación cómo se plasmará nos programas lectivos. Manifestan que non se tratará dunha materia independente, senón dun módulo dunhas 10 horas que se podería incluír dentro doutra materia.

O presidente da CNMV asegurou que a disposición do Ministerio de Educación ante a proposta fora moi boa. O plan tamén prevé a elaboración do material escolar necesario e a formación do persoal docente encargado de impartir estas clases. A intención é que se aborden todo tipo de asuntos relacionados coa educación financeira, desde explicar aos mozos e mozas cómo abrir unha conta ou ensinalles a equilibrar os seus ingresos e gastos, hasta os produtos financeiros máis complexos.

As diferentes asociacións estamos tentando poñernos en contacto con eles para explicarlles que isto é precisamente o que vimos pedindo sempre, e que teñen que ser profesores/as de economía os encargados de impartila.

LA CNMV Y EL BANCO DE ESPAÑA PRESENTAN UN PLAN DE EDUCACIÓN FINANCIERA

Los supervisores confían en estabilizar el sistema financiero con más formación

Las principales medidas que contemplan es crear una página web informativa e incluir un módulo de cultura financiera en la enseñanza secundaria para el curso 2009-2010.

CARLOS QUE
La Comisión Nacional del Mercado de Valores (CNMV) y el Banco de España pretenden favorecer la estabilidad del sistema financiero aumentando la cultura de los ciudadanos. "Una población con más formación en temas financieros tendrá más confianza en el funcionamiento de los mercados y ayudará a mitigar posibles episodios de crisis y la falta de confianza en el sistema, favoreciendo así su estabilidad", aseguró ayer Julio Sagarra, presidente de la CNMV en la presentación del Plan de Educación Financiera.

El acto contó con la asistencia de destacados españoles, como



A la izquierda, Fernández Ordóñez, gobernador del Banco de España, junto a Pedro Salbés, ministro de

BORRADOR DAS PPAU

Recordade que no borrador do decreto das PPAU discrimínase claramente á nosa especialidade. Ademais está condicionando de maneira clara os Decretos Autonómicos de bacharelato.

No seu artigo 7 establece que a segunda parte da proba (a proba das materias de modalidade), constará de 2 exercicios, de dúas (atención agora só dúas) das materias cursadas polo alumno/a en segundo curso (ademais a sorteo).

A distribución de materias entre 1º e 2º non é igual en tódalas Comunidades, isto si que depende do Decreto de cada unha. En Galiza as materias de 2º curso son:

- Economía de empresa
- Xeografía
- Grego II
- Latín II
- Literatura universal
- Historia de arte
- Matemáticas aplicadas ás Ciencias sociais II



No apartado 3 do citado decreto, di que vai haber 5 vías no exame.

Na vía de Ciencias Sociais e Xurídicas (a nosa), en todo caso, o alumnado ten realizar un exercicio de alomenos unha das seguintes materias (e as outras dúas si entran no sorteo):

- Historia do mundo Contemporáneo (en Galiza non porque é de primeiro)
- Xeografía
- Matemáticas aplicadas ás Ciencias sociais II

Conclusión: un alumno/a que queira ir ao selectivo, como non colla Xeografía ou Matemáticas aplicadas ás Ciencias sociais II non poderá examinarse por esta vía. O normal é que moitos/as se matriculen das dúas por si acaso. Outra conclusión: os alumnos/as durante o curso si que saben de que se van examinar fixo (das comúns, e dunha destas dúas), no caso de Economía pode que si, pode que non. Xa sabemos polo tanto a que materias lle dedicarán os alumnos/as, máis esforzo durante o curso porque **poderán non examinarse en selectividade de Economía.**

En tono humorístico, moitos din que de seguir así as cousas deberíamos propoñer que ás “Matemáticas aplicadas ás Ciencias sociais II”, pasen a denominarse “Matemáticas aplicadas á Xeografía”, que é a única Ciencia Social das que precisan números, que vai quedar no bacharelato.

NOVOS PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL

Os novos “Programas de cualificación profesional inicial”, veñen a substituír en certa medida aos “Programas de garantía social”, aínda que teñen un prantexamento e obxectivos radicalmente diferentes.

Comezarán a funcionar a partir do curso que ven, e aportan novidades importantes cos actuais PGS: terán unha duración dun ano, ou de dous (se o alumno opta por realizar os módulos cos que obterá o título da ESO, no segundo ano). No primeiro curso o alumnado poderá alcanzar as competencias profesionais propias dunha cualificación de nivel 1 da estrutura actual do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, porque no terceiro trimestre realizará prácticas en empresas (unha FCT). É dicir as clases durarán 2 trimestres, e o último será para recuperacións de alumnos que non aprobaran.

É terminal (non se admite repetición salvo en casos moi excepcionais). Tamén se pode preparar ao alumnado para as probas de acceso a Ciclos de Grao Medio. O profesorado ten máis recursos de control da aula: por falta de asistencia, de comportamento, ou rendemento, se podería enviar ao alumno/a de regreso á aula que lle correspondería na ESO, do centro de procedencia.

Terán un módulo de 18 horas semanais no taller (igual que antes), e despois varios módulos de formación xeral, hasta completar 32 períodos lectivos. De entre eles destaca un denominado: “Módulo de iniciativa persoal e relación laborais”: *que contribúe ao desenvolvemento da autonomía persoal, os deberes e as obrigas no mundo laboral, a hixiene e a prevención de riscos, así como ao fomento do espírito emprendedor e da necesidade de aprender ao longo da vida.*

No Artigo 19º di que este módulo será preferentemente impartido por profesores ou profesoras da especialidade de FOL, e, **en caso de non ser posible, de economía**, e de xeografía e historia, **sucesivamente**. É unha boa nova porque noutras Comunidades parece que non vai ser así.



HORARIOS DO CURSO QUE VEN

Tal como están agora mesmo as cousas, e supoñendo que non melloren, a recomendación que vos podemos facer de cara ao curso que ven, en canto á configuración do voso horario podería ser a seguinte:

8 horas das materias de bacharelato.

5 horas do obradoiro de iniciativas da ESO (se se ofrece nos dous cursos)

2 horas do Módulo de iniciativa persoal e relación laborais do programa de cualificación profesional (*)

1 hora da xefatura do seminario

4 gardas

(*) *preguntade como estarán de horas os vosos compañeiros/as de FOL, porque se se pasan de horas, debes reclamar estas como vosas. Tedes dereito. Recomendade tamén ás direccións dos vosos centros que repartan un pouco o alumnado do obradoiro entre 3º e 4º da ESO, non deixando que se matriculen máis alumnos en 3º, a partir dun determinado número, dándolles a posibilidade de que o fagan o curso que ven en 4º.*

Total: 20. As 3 que faltan para completar as 23, distribúense da seguinte maneira (en tódolos casos): 1 hora de titoría de atención ós alumnos/as, 1 hora de titoría de atención ós pais e nais, 1 hora de reunión do seminario.

Outra opción é que fagades campaña entre alumnado e a dirección do centro, para que vos oferten as materias de economía de bacharelato como optativas (evidentemente, os centros non van poder ofrecer tódalas materias de modalidade como optativas, por iso haberá tensións).